



The title 'SAA TEE' is rendered in a highly stylized, decorative font. The letters 'S' and 'T' are red, while 'A', 'E', and 'E' are blue. The letters are filled with horizontal lines and have ornate, swirling flourishes at their bases. A large, realistic red apple is positioned to the right of the letter 'T', and a black eye is superimposed on the apple. A small, purple, swirling flourish is attached to the bottom right of the letter 'E'.

de Oscar Wilde

Dirección e dramaturxia de Carlos Santiago

Tradución e adaptación de Pepe Sendón

Dossier de prensa



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO temporada 2010-2011



CENTRO CULTURAL NOVACAIXAGALICIA DE VIGO

Sábado 8 de xaneiro ás 20.30 horas

Prezo das entradas: 7,15 e 8,75 € (1 anfiteatro); 5,55 € e 6,75 € (2 anfiteatro); 3,15 € e 3,75 € (3 anfiteatro); 8,75 e 10,75 € (anfiteatro central) e 8,75 e 10,75 € (patio de butacas)

Venda de entradas: o día da función a partir das 18.30 h, e de xeito anticipado a través da páxina web www.servinova.com e na billeteira telefónica 902 504 500



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2010-2011



Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info



ÍNDICE

1. Presentación	4
2. Ficha artística	5
3. Funcións	6
4. A obra	7
Oscar Wilde e a República de Vulgaria	7
O texto	8
Sinopse	9
5. A produción: Centro Dramático Galego	10
6. O autor: Oscar Wilde	11
7. O director: Carlos Santiago	12
8. O elenco	13



O1 PRESENTACIÓN

O Centro Dramático Galego (CDG) inaugura o seu plan de produción propia esta temporada coa posta en escena do espectáculo *Salomé*, a partir do texto de Oscar Wilde e baixo a dirección de Carlos Santiago. A estrea da primeira montaxe da compañía pública baixo a xestión de Blanca Cendán será o 26 de novembro no Salón Teatro de Santiago, onde se escenificará ata o 19 de decembro para iniciar despois unha xira de tres meses de representacións por escenarios galegos e de fóra de Galicia.

Carlos Santiago, que dirixe por primeira vez ao CDG, centrou a dramaturxia deste mito do teatro en dous grandes eixos temáticos: por unha banda, na dualidade entre a imaxe pública e a esfera privada, e por outra, na cuestión do xénero, da sexualidade e da construción social do feminino.

María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro, Hugo Torres, Marcos Correa e Alberte Cabarcos compoñen o elenco interpretativo da nova produción do CDG, seleccionado integramente por primeira vez mediante audicións a 64 actores e actrices de entre as 215 solicitudes presentadas. Estes seis actores e actrices constitúen un elenco equilibrado e comprometido coa montaxe que dan vida os 15 personaxes da historia.

A obra consta dun só acto que se desenvolve nunha única escenografía: os xardíns do pazo presidencial onde se celebra o banquete organizado na honra de Herodes Antipas pola alta sociedade xudía. Porén, o sorprendente do decorado radica na concorrencia nun mesmo espazo da realidade pública e da realidade íntima dos protagonistas.

A acción segue sucedendo en Galilea pero nunha realidade contemporánea, máis próxima ao espectador, aínda que fantástica. A circunstancia na que están os personaxes cambia, mais non o que din nin o que fan. Á parte deste anacronismo premeditado, a nova proposta da compañía pública respecta integramente o texto orixinal, mantendo o simbolismo e o tono poético pero eliminando os exotismos orientais e as interpretacións relixiosas.

Afastándose do discurso dramático de Wilde, a montaxe de Carlos Santiago afonda na visión do poder como forza invariable e amosa outra interpretación do texto cunha lectura máis satírica e política, dado que algúns dos debates relixiosos da obra orixinal son perfectamente entendidos, sen cambiar o texto, como debate político.



O2

FICHA ARTÍSTICA

Autoría	Oscar Wilde
Dirección	Carlos Santiago
Tradución e adaptación	Pepe Sendón
Producción	Centro Dramático Galego
Elenco	María Mera: <i>Salomé</i> Pepe Penabade: <i>Herodes e Soldado 1</i> María Salgueiro: <i>Herodías e Soldado 2</i> Hugo Torres: <i>Iokanaán, Nazareno, Soldado 3 e Naamán</i> Marcos Correa: <i>Mozo sirio, Xudeo e Camareiro</i> Alberte Cabarcos: <i>Graffiteiro, Paxe e Tixelino</i>
Espazo escénico	Pancho Lapeña
Deseño de vestiario	Clotilde Vaello
Espazo sonoro	Fran Pérez (<i>Narf</i>)
Deseño de iluminación	Baltasar Patiño
Coreografía	Uxía Vaello
Maquillaxe	Fany Bell
Vídeo	Diploducus Producións
Vídeo escenográfico	Grimediosstudio
Fotografía	Luis Otero (Fotosfera)
Modelador	Cuatro Ojos Estudio
Deseño gráfico	Fausto Deseño Asociados
Caderno Pedagóxico	Miguel Vázquez Freire (Gálix)
Prensa	Gabinete de Comunicación da Agadic
Gabinete de comunicación	Trisquelia
Revisión lingüística	Rosetta
Asistente de produción	Sagrario Quintela
Coordinación da produción	Belém Brandido
Asistente-meritoria de dirección	Flora Granja Miranda
Axudante de dirección	Víctor Mosqueira



03 FUNCIONES

Santiago de Compostela	Salón Teatro: do 26 de novembro ao 19 de decembro Estrea: venres 26 de novembro ás 21.00 h <i>Funcións xerais:</i> Venres 3, 10 e 17 de decembro ás 20.30 h Sábados 27 de novembro e 4, 11 e 18 de decembro ás 20.30 h Domingos 28 de novembro e 5, 12 e 19 de decembro ás 18.00 h Mércores 8 de decembro ás 20.30 h <i>Funcións escolares:</i> Mércores 1 e 15 de decembro ás 11.00 h Xoves 2, 9 e 16 de decembro ás 11.00 h
Vigo	Centro Cultural Novacaixagalicia: sábado 8 de xaneiro ás 20.30 h
O Barco de Valdeorras	Teatro Lauro Olmo: venres 14 de xaneiro
Guimarães	Centro Cultural Vila Flor: sábado 22 de xaneiro ás 22.00 h
Tondela	Teatro Acert: mércores 26 de xaneiro
Braga	Theatro Circo: venres 28 e sábado 29 de xaneiro ás 21.30 h
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: venres 4 de febreiro
Lugo	Auditorio Gustavo Freire: xoves 10 de febreiro
Tui	Teatro Municipal: venres 18 de febreiro
Pontevedra	Teatro Principal: martes 22 e mércores 23 de febreiro
Narón	Pazo da Cultura: venres 25 de febreiro ás 20.30 h e sábado 26 ás 20.00 h
A Coruña	Teatro Rosalía de Castro: venres 4 e sábado 5 de marzo
Ourense	Teatro Principal: sábado 12 de marzo ás 20.30 h e domingo 13 ás 19.00 h
Ferrol	Teatro Jofre: xoves 17 e venres 18 de marzo
Santiago de Compostela (final do período de exhibición)	Salón Teatro: do 23 ao 26 de marzo <i>Función escolar:</i> Mércores 23 ás 11.00 h <i>Funcións xerais:</i> Xoves 24, venres 25 e sábado 26 ás 20.30 h



04 A OBRA

Oscar Wilde e a República de Vulgaria

A Oscar Wilde dixéronlle o primeiro home moderno. El mesmo pensaba iso de si. Que fora o primeiro home capaz de resumir todos os sistemas nunha frase e toda a existencia nunha agudeza. Un mestre do paradoxo, esa invencible entidade lóxica que precipita no abismo o matrimonio ideal entre razón e verdade. A verdade, estimaba o irlandés, para ser tal precisa de se converter en relixión. Xuízo tan frívolo coma profundo, que escintila de xeito perverso sobre as ruínas do World Trade Center e a sacrosanta cruzada pola democracia. Cando Wilde viviu, a historia aínda non rematara, pero encetaba xa o camiño do ultramundo. 1900. Morte de Wilde, morte de Nietzsche. O terrible século vinte comeza coa desaparición de dous agoireiros malditos, poetas de inmenso caudal profético que presentiran o advento dunha nova era, fantástica e infame. A era de Dorian Grey, a era do Superhome abandonado ao seu capricho.

Traemos a Wilde, agora de novo, aos palcos galegos, xa ben entrado o novo século. Un século aínda indeciso, preso das aparencias e do grande escapate mediático, última realidade posible na beira mesma do trivial. Xa nin sequera na arte, tal e como a entendía o propio dramaturgo, é verosímil a transcendencia. E, non obstante, un berro xordo e máis multitudinario do que cabe pensar déixase sentir por todas as partes reclamando unha pinga de sentido. É talvez o renxer

do lado escuro da realidade que aquel grande forxador de mitos soubo anticipar na súa obra. A sombra monstruosa da alta pretensión humana. Sombra de Babel, pero tamén de Babilonia, de Roma, do Londres vitoriano ou de Manhattan, capital ferida da República de Vulgaria, homofonía que o dublinés adoitaba usar para burlarse dos Estados Unidos e do imparabile ascenso da sociedade industrial, e que hoxe ben nos podería valer para satirizar o réxime globalitario que somete o mundo sen comprender un chisco da infinita variedade das súas entrañas.

Nunha época hipnotizada pola catástrofe final, que non dá chegado e queda sempre adiada para a vindeira semana, escenificamos a Wilde na esperanza de que nos permita ver máis alá de confusións dixitais e espellismos deportivos. Se cadra con el temos ocasión de pensar de novo que o vicio supremo é a superficialidade e que todo o que se comprende está ben, pensamento parido na prisión de Reading onde o escritor, desposuído da gloria e o éxito, probou en propia carne a natureza diabólica do poder.

Unha ollada coa elegancia emprestada dun home que nunca deu un pensamento por acabado e procurou por igual o verso e o reverso da realidade.

Carlos Santiago. *Director escénico*



04 A OBRA

O texto

Dentro da obra dramática de Oscar Wilde, *Salomé* ocupa un lugar singular. Fronte ás comedias de ton irónico e sutil que lle deron éxito e fama na época, como *Unha muller sen importancia*, *O abano de Lady Windermere*, *Un marido ideal* ou *A importancia de ser Severo* (*The Importance of Being Earnest*), elegantes sátiras da sociedade vitoriana, o dramaturgo irlandés escolleu nesta peza un episodio evanxélico para crear unha traxedia de fondo escabroso arredor do conflito mítico entre Eros e Tánatos, tema recorrente no movemento simbolista. A peza agocha tamén unha crítica extrema do poder e do puritanismo moral nun retrato descarnado das paixóns humanas.

O texto foi escrito orixinalmente en francés, ao parecer coa intención de que Sara Bernhardt o representase en París, o que finalmente acabou por suceder en 1896, cando Wilde estaba xa en prisión e despois de que o Lord Chancellor prohibise a súa representación en Londres dado o seu polémico argumento. A mítica voz da intérprete francesa sería así o pretexto dos longos parlamentos líricos que converten a obra nun desafío para calquera actriz.

A obra foi recibida inicialmente con pouco entusiasmo. Prohibida en Inglaterra ata os anos trinta, Richard Strauss, admirado pola montaxe de Max Rein-

hardt e a tradución ao alemán de Hedwig Lachmann, converteuna en ópera en 1905 dándolle máis protagonismo a Herodes na trama, opción que foi seguida posteriormente en diferentes montaxes tanto teatrais coma cinematográficas. Neste sentido destaca a produción dos anos oitenta do Circle in Square en Broadway con Al Pacino como protagonista.

Co tempo, e fiel ao seu carácter polémico e escandaloso, a peza converteuse nun mito da cultura underground, e foi tratada por artistas tan diversos como Nick Cave, Ken Russell, Smashing Pumpkins, Doric Wilson ou Pedro Almodóvar.

Asemade, cómpre destacar a coprodución entre o CDG e a compañía Chévere en 1989, con dirección compartida de Roberto Vidal Bolaño e John Eastham, que na altura significou unha apertura do teatro galego a novas linguaxes coma o pop ou o cómic e a unha nova xeración de actores que viría renovar o panorama teatral galego.

Na montaxe que este ano presenta o Centro Dramático Galego a cargo de Carlos Santiago, apóstase por unha lectura satírica da traxedia e unha posta en escena actualizada onde o risco e unha visión nada complacente da realidade levan o temón.



04 A OBRA

Sinopse

Nun país mítico, Galilea, o tetrarca Herodes Antipas celebra o seu aniversario nos xardíns do pazo presidencial cun banquete organizado na súa honra pola alta sociedade xudía, un acto político que acapara a atención dos medios de comunicación pola inminencia dunha nova cita electoral. O propio César envía ao seu embaixador desde Roma para darlle a beizón do imperio á nova candidatura de Herodes. Os augurios parecen propicios e Herodes goza do momento xunto á súa esposa Herodías na mesa presidencial.

Porén, nas traseiras do pazo, fóra do pavillón que acolle o evento, o equipo de produción traballa baixo o luar incomodado pola voz iracunda de lokanaan, profeta popular e mesiánico sometido por Herodes a du-

ra prisión no cortello dos porcos, onde o tetrarca adoitaba facer desaparecer os seus peores inimigos. Mesmo así, lokanaan non se farta de denunciar a corrupción e inmoralidade que envolve a gobernanza de Herodes desde a súa angosta prisión.

Mais o verbo terrible do profeta chama a atención de Salomé, fillastra de Herodes, moza de virxinal beleza por quen suspira toda a corte, incluído o seu padrazo, que sente por ela unha paixón inconfesable e politicamente comprometida. Salomé, celosa da súa virxindade como a deusa Selene, mais fatalmente posuída por escuras paixóns, encapríchase de lokanaan e desencadea unha sanguenta traxedia que encherá o banquete presidencial de morte e depravación.



05

A PRODUCCIÓN

O Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral compañía de teatro adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), entidade que sucede ao IGAEM segundo a Lei 4/2008 de 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Nestes máis de 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incor-

poración á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da AGADIC (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario, etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *As actas escuras* (2009), obra de Roberto Vidal Bolaño que subía por primeira vez aos escenarios da man do director Xúlio Lago, *As dunas* (2008), peza escrita por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente e con dirección escénica de Quico Cadaval, e *A boa persoa de Sezuán* (2008) de Bertolt Brecht e dirixida por Nuno Cardoso.



06 O AUTOR

Oscar Wilde



Escritor inglés de orixe irlandesa, Oscar Wilde (Dublín, 1854 – París, 1900), é considerado como un dos dramaturgos máis destacados do Londres vitoriano tardío; ademais, foi unha celebridade da época, coñecido polo seu agudo e grande enxeño.

Nado no seo dunha familia afeccionada á literatura, recibiu unha esmerada educación nos mellores centros culturais da época. Estudou no Trinity College de Dublín e no Magdalen College de Oxford, onde recibiu unha profunda influencia dos escritores John Ruskin e Walter Pater, que defendían a importancia central da arte na vida. Wilde axiña gañou renome polo papel que desempeñou nos movementos estético e decadente. Asemade, comezou a decorar os seus cuartos no College con plumas de pavo real, lilas, xirasoles, porcelana erótica e outros obxectos de arte. Este culto propagouse entre certos segmentos da sociedade até un punto tal que as actitudes lánguidas, as vestimentas esaxeradas e o esteticismo en xeral se converteron nunha pose recoñecida.

En 1882 realizou unha xira de conferencias polos Estados Unidos, onde estreou a súa primeira obra: *Vera*. En 1881 xa publicara unha colección de *Poemas* en París. De regreso a Gran Bretaña, publicou varios volumes de contos (*O príncipe feliz*, 1888; *O crime de lord Arthur Saville*, 1891; *Unha casa de granadas*, 1891), ensaios (*Intencións*, 1891) e a súa única novela, *O retrato de Dorian Gray* (1891), pola cal recibiu violentas críticas.

Célebre e solicitado por toda a aristocracia británica, Wilde reafirmouse como un dos grandes comediógrafos da época coas obras *O abano de Lady Windermere* (1892), *Unha muller sen importancia* (1893), *Un marido ideal* (1895), ou *A importancia de ser Severo* (1895).

En 1894, escribiu en francés *Salomé*, obra traducida ao inglés polo seu amigo lord Alfred Douglas. Un ano máis tarde, no cumio da súa carreira, converteuse na figura central do máis soado proceso xudicial do século, que conseguiu escandalizar a clase media da Inglaterra vitoriana. Wilde, que mantivera unha amizade homosexual con lord Alfred Douglas, foi acusado de sodomía polo pai deste, o marqués de Queensbury. Declarouse culpable no xuízo, celebrado en maio de 1895, e foi condenado a dous anos de traballos forzados. A súa peripecia en prisión foi descrita no poema *Balada do cárcere de Gaol* (1898), onde o aforcamento dun compañeiro lle serviu como excusa para describir íntimos sentimentos sobre o cárcere, así como na súa obra póstuma *De Profundis* (1905), extensa carta chea de resentimento dirixida a lord Alfred Douglas.

Unha vez en liberdade, e desenganado da sociedade inglesa, Wilde pasou o resto da vida en París baixo o nome falso de Sebastian Melmoth.



07 O DIRECTOR

Carlos Santiago

Vinculado á xeración de lúcidos activistas culturais que xurdiron arredor da Sala Nasa de Compostela, Carlos Santiago representa unha aposta pola renovación escénica e destaca sobre todo por un humor de raíz corrosiva.

Desenvolve a súa actividade principalmente no campo das artes escénicas, tanto no teatro como na música. Desde 1997 reparte o seu traballo entre Galicia e Portugal, colaborando regularmente con compañías teatrais, formacións musicais e outros proxectos artísticos a un e outro lado do Miño.

Formou parte de diversos proxectos musicais como cantante e letrista, desde a banda afterpunk Nicho Varullo ou a Banda da Nasa, especializada en cabare, ata a Psicofónica de Conxo, unha das experiencias musicais máis relevantes na escena musical galega da última década.

De 1992 a 1997 formou parte da compañía teatral Chévere participando en diversas montaxes e proxectos da compañía como técnico, guionista ou intérprete. En 1998 iniciou o seu traballo como dramaturgo e director escénico en Portugal, na Expo 98 de Lisboa, da man de compañías como Trigo Limpo, Teatro O Bando, A Barraca, o GTN da Universidade Nova de Lisboa ou A Teia, asinando pezas como *Au Gaciar*, *viagem teatral ao Fin do Mundo*, *Abraço de Ferro*, *Mamã Lusitânia* ou *Ascensão e Queda de Zé Grotewski*.

A partir de 2001 escribe varias pezas para compañías galegas, como *Drácula*, espectáculo de marionetas pa-



ra Trompicallo, ou a comedia musical *Ratman e Bobyn* para Bacana Producións, da que tamén é autor da banda sonora xunto a Pepe Sendón, e dirixe *Sidecar*, da compañía Belmondo. En 2007 escribiu e dirixiu *A sega*, para o espectáculo *Pan* da compañía Volta e Dálle. En 2008 participou na escrita colectiva de *Periferia*, dirixida por Montse Triola e en 2009 escribiu e dirixiu *Finlandia* co Teatro Biodegradábel de Ohio, experimento de teatro civil que suscitou unha grande acollida por parte de público e crítica.

Desde os anos noventa realiza tamén diversos espectáculos de monólogos, tanto en Galicia como en Portugal, entre os que destacan *Monólogos finlandeses*, *Textículos*, *Desacordos ortográficos* ou *A leira magnética*, onde a ironía e a crítica da actualidade procuran sempre o entusiasmo do público.

É autor dun libro de poemas de marcado carácter experimental, *Metalurxia*, na colección Di-Versos de Edicións Positivas, e dunha novela breve, *Acantinado*, integrada na colección O Lapis do Taberneiro.

Tamén colaborou como guionista en programas de radio e televisión como *Apaga a luz*, de Atlantis Producións, ou nos espectáculos de Mofa e Befá *Finis Mundi Circus* e *Cultura para dar e tomar*. En 2005 iniciou o seu traballo como guionista en curtametraxes como *A dúas velas* ou *Microfundismos*, de Quique Otero, ou *A casa*, en colaboración con Xabier Queipo. É autor de varios guións para longametraxes como *Caixa negra* ou *Sempre en Schnell*, e documentais como *O labrego que inventou a Lúa* ou *O sexo dos espellos*.




08 O ELENCO

María Mera, Salomé

María Mera comeza a súa traxectoria como actriz ao iniciar os seus estudos de arte dramático en Santiago de Compostela, actuando nas montaxes *La señorita Julia* de August Strindberg (2007), para a Escola de Teatro Santart, e *La extraña pareja* de Chéjov (2008) para o Laboratorio de Teatro William Layton. O pasado ano protagonizou para a compañía de teatro afeccionado Tira e Afloxa os espectáculos *Onde vai o cabalo de Santiago?*, *Promotora de traballo, traballa pouco e jana moito* e *A tecedeira de Bonaval*.

Pero é realmente no ámbito televisivo onde María Mera deuse a coñecer. Así, actualmente podemos vela interpretando un papel moi controvertido (o de Vanessa) na serie de ficción da Televisión de Galicia *Matalobos*. Para a canle autonómica tamén realizou traballos de figuración en *Libro de familia* e *Rías Baixas*, e colaborou nos programas *Acompáñenos*, *Arre Demo*, *Son de Estrelas*, *Luar...*



Na súa experiencia audiovisual, tamén interveu nas curtametraxes *Dobre ou Nada* (2010, baixo a dirección de Carmen Rey), *Efectos Colaterais* (2009, Jairo Iglesias), *Depetrosa* (2009, Alberto Senín), así como *Cumpleaños Feliz* (2009), *Última Planta* (2009) e *Despierta* (2009), estas tres últimas para a Escola Superior das Artes Cinematográficas de Galicia (EGACI).

Ademais da súa formación en Turismo e Periodismo, asistiu, entre outros, a cursos monográficos de modelo e maquillaxe (impartido por Dolores Couceiro), interpretación (Theodor Smeu, Carola Manzanares), clown (Gabriel Chamé), dobraxe (Manuel Lijó), danza Contemporánea (Laboratorio do movemento), acrobacia (Pistacatro) e títeres (Galitoo).



05 O ELENCO

Pepe Penabade, Herodes e Soldado 1

Actor de teatro, cine e televisión, Pepe Penabade posúe unha ampla traxectoria profesional que principou en 1987 para Os Quintilláns, compañía especializada en espectáculos infantís e de teatro de rúa da que é membro fundador e coa que participa como actor e escenógrafo nos seguintes espectáculos: *Feira de lixos* (1992), *Transformeixon* (1993), *As viaxes fantásticas* (1994), *Tacatá* (1995), *As voces do mar* (1996) e *Os Irmandiños* (1998).

En 2000 funda a compañía Volta e Dálle, coa que pon en escena as montaxes *Pan, catro propostas arredor da malla* (2007-08), *Jalísia, mi madriña!* (2004-06), *Peccata Minuta* (2004-05), *Salitre* (2003-06), *Rodesindo da Barrosa* (2004-06) e *Furga Garabela!* (2002-04).

Coa compañía Cía. 002 participa no espectáculo *Zombis* (1993) e forma parte do elenco de *Pallasos* (2004-05), a última produción da compañía Uvegá Teatro.

Canto á televisión, ten intervido nas series da Televisión de Galicia *A familia Pita*, *Pratos Combinados*, *Mareas Vivas*, *Un mundo de historias*, *Terra de Miranda*, *Rías Baixas*, *Pepe o Inglés*, e máis recentemente *Libro*



de familia, *Matalobos* e *Padre Casares*. Á súa vez, ten participado en varios telefilmes entre os que destacan *Vacas, porcós e zapatos de tacón* (2010), *A mariñeira* (2007), *O bosque de Levas* (2006), *Chapapote o no* (2005), *Pataghorobí* (2005) e *O Tesouro* (1997).

Noutras facetas escénicas, realizou diversos deseños de escenografía para a compañía Ollomol en *Fas e Ne-fas* (1991), *Clown Fútbol* (1999) e *O Navegante* (2001), ambas as dúas para Chévere, así como de construción de marionetas para Os Monicreques de Kukas en *A rúa das balconadas* (1990) e *Don Gaiferos* (1994).

Asemade, foi colaborador como actor e especialista en cultura etnográfica dos programas *A Noite Encantada* e *Demasiado Corazón* da Radio Galega e monitor de teatro nos concellos de Vedra e da Estrada.

A súa formación está avalada por cursos de interpretación impartidos por John Write, Albert Boadella, Ernesto Caballero, Toni Chic, Manuel Lourenzo, Elena Pimenta, Corina Mestre ou Guillermo Heras, así como de clown a cargo de Jango Edwards ou Eric de Bont, entre outros.



05 O ELENCO

María Salgueiro, Herodías e Soldado 2

Coñecida popularmente polo seu papel na serie *A vida por diante*, María Salgueiro comezou a súa carreira como actriz de teatro en Madrid coas montaxes *El enfermo imaginario* (1997/98), dirixida por Luis Olmos para a compañía Teatro de la Danza, *La visita de la vieja dama* (2001) baixo a ordes de Juan Carlos Pérez de la Fuente para o Centro Dramático Nacional, e *Oráculo a medias* (Baraka Teatro, 2003).

En 2005 puxo en escena *Misiles melódicos*, un espectáculo do Centro Dramático de Aragón en coproducción co Centro Dramático Galego e o Teatro Español de Madrid a partir do texto de Sanchís Sinisterra que contaba coa dirección escénica de David Amitín. Catro anos máis tarde, para a compañía Teatro de Ningures protagonizou *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño, e *María Soliño: o desembarco dos turcos*. Tamén formou parte do elenco de Teatro do Morcego na obra *El club de la calceta* dirixida por Celso Parada. Recentemente, interveu en *Onde máis doen* (Pífano Teatro, 2010).



No eido audiovisual, actuou nas longametraxes *Divinas palabras* (dir. José Luis García Sánchez, 1991), *Una mujer invisible* (2006, dir. Gerardo Herrero), *Abrígate* (2006, dir. Ramón Costafreda); nas TVmovies *Voltar a casa* (2009, dir. Breogán Ribero) e *Mar libre* (2009, dir. Dani de la Torre), así como nas curtas *Un home afortunat* (1995, dir. César Bermejo), *9:00 PM* (2000, dir. Alejandro Sigüenza e Dani Cocoa) e *15 días* (2000, dir. Rodrigo Cortés).

No que se refire á pequena pantalla, cómpre destacar a súa participación nas series *El Comisario* (2007, producido por BocaBoca para Teles), *Patricia Marcos: desaparecida* (2007, Ganga producciones para TVE), *Os Atlánticos* (2007, Filmanova para TVG), *A vida por diante* (2005-07, Voz Audiovisual para TVG), *Pinnic* (1992-97, TVE) e *Plis-Plas* (1991-92).



05 O ELENCO

Hugo Torres, *Iokanaán*,
Nazareno, *Soldado 3* e *Naamán*

Actor e compositor, Hugo Torres iniciou a súa andaina teatral en Trigo Limpo Teatro ACERT, do cal foi membro, participando en varias das súas producións. Estudou o bacharelato en Teatro/Interpretación da ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do espectáculo) na cidade de Porto, e frecuenta o CECC (Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya) completando a súa formación artística con Bibi Prestrelo, Kot Kotecki e José Carretas (interpretación), António Tavares e Adriana Candeias (danza), Fran Pérez e Nuno Patrício (música), Miguel Andrade Gomes (esgrima) e Luís Madureira (voz). Participou en espectáculos dirixidos por Jorge Silva Melo, Junior Sampaio, João Brites, José Carretas, Rui Spranger, Nuno Cardoso, Pierre Voltz e Marcos Barbosa.

Foi co-responsable, xunto con Paulo Oliveira e Miguel Mendes, da dramaturxia e dirección das pezas *Teatro Explicado ao Noctívago* e *Três em Linha*. Baixo a dirección de Ricardo Pais, formou parte do elenco de *Arranha Céus* (1999), *Hamlet* de William Shakespeare (2002), *Um Hamlet a mais*, a partir de W. Shakespeare (2004), *Sondai-me! Sondheim* (2004), *Frei Luís de Sousa* de Almeida Garrett (2006), *D. João de Molière* (2006) e *O Saque* de Joe Orton (2006), todos eles representados no Teatro Nacional São João.

No Teatro Nacional de São João, participou ademais en *Barcas*, dirixido por Giorgio Barberio Corsetti (2000), *Anfitrião ou Júpiter e Alcmena*, (Nuno Carinhas, 2004), *Woyzeck*, (Nuno Cardoso, 2005), *Teatro*



Escasso, (António Durães, 2006), e *Beiras [Leituras Encenadas de Três Peças de Gil Vicente]*, (Nuno Carinhas, 2007) e *Platònov*, de Tchékhov (Nuno Cardoso, 2008).

En 2007 fundou xunto coa actriz Marta Pazos a plataforma de creación en escena Voadora que debutou en 2008 con *PeriFeria*, baixo a dirección de Montse Triola, e en 2009 estreou *O sonho*, un Shakespeare para dous actores e un pianista inspirado no *Sonho dunha noite de verán* e dirixido por Roberto Leal. Con este proxecto transnacional -que pretende servir de ponte para encontros entre creadores galegos e portugueses a través de novas linguaxes para escena- acaba de poñer en escena *Super8* (2010), unha comedia musical realizada en coprodución co Centro Dramático Galego e da que é co-autor da música orixinal.

Para a compañía pública galega formou parte do elenco na montaxe de *A boa persoa de Sezuán*, de Bertolt Brecht (Nuno Cardoso, 2008) e exerceu como axudante de dirección en *As dunas* (2009), peza escrita por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente e con dirección escénica de Quico Cadaval.

Participou como actor en diversas curtametraxes durante o período de 2003-07 e protagonizou a longametraxe *Poliedro* de Ignacio Nacho. Recentemente interveu no espectáculo *Pressing Catch*, de Paula Carballreira, para a compañía Berrobambán.



05 O ELENCO

Marcos Correa, Mozo sirio, Xudeo e Camareiro



Marcos Correa iniciouse no mundo do teatro con compañías independentes, actuando nas obras *El emperador de la China* de Marco Denevi (1990), *Un pequeño café* de Marco Denevi (1991) e *El tartufo de Molière* (1992), as tres baixo a dirección de Patricio Pérez. Como integrante da Aula de Teatro da Universidade Santiago de Compostela participou nas montaxes *Contos da cabana*, escrita e dirixida por Manuel Lourenzo (1997), así como *Comedia noxenta para mamá* de S. Witckiewicz (1998), *La cabeza del dragón* de Valle Inclán (1999), *Os vellos non deben namorarse* de Castella (2000), *O burgués xentil home* de Molière (2001) e *El caballero de Olmedo* de Lope de Vega (2006), dirixidas todas elas por Roberto Salgueiro.

A súa primeira experiencia profesional foi coa compañía de teatro Espello Cóncavo, coas pezas *Peter Pan* (1998) de J. M. Barrié e baixo a dirección de Arturo López e *Eliana en ardentía* (2001), escrita e dirixida por Roberto Salgueiro.

En 2007 formou parte do elenco de *Castronós. O baile*, para Factoría Teatro con dirección de Xan Cejudo e meses despois traballou por primeira vez para o CDG na produción *Noite de Reis. Ou o que queirades* (Premio

María Casares ao mellor espectáculo 2007), baixo as ordes de Quico Cadaval. Ao ano seguinte interveu en *Unha primavera para Aldara*, montaxe da compañía Teatro do Atlántico dirixida por Xúlio Lago e galardoada tamén co Premio María Casares ao mellor espectáculo 2008.

Na pequena pantalla ten actuado en numerosos capítulos das series da TVG *Matalobos*, *O Nordés*, *Padre Casares*, *A vida por diante*, *Rías Baixas*, *Fíos e Pepe o inglés*, así como nas producións *Cota Roja*, *Máxima Audiencia*, *Comando Zapping*, *Air Galicia* ou *O show dos Tonechos*. A súa experiencia audiovisual abrangue tamén as curtametraxes, onde protagonizou *Norutol* (2007), *Bilingüe* (2008), *Sobre a morte do Bieito* (2009) ou *Tourette* (2010).

Para mellorar a súa formación, ten asistido a cursos de voz, dicción e dobraxe para actores (impartido por Antonio Mourelos), de esgrima teatral e movemento escénico (impartido por Carlos Vizcaíno), de *clown* (impartidos por Carlo Colombagionni e Nestor Muzo), de voz e dicción de actores (impartido por Marta Pinillos) e de interpretación ante a cámara (impartido por Eva Lesmes, Javier Gancedo e Macarena Pombo).



05 O ELENCO

Alberte Cabarcos, Graffiteiro, Paxe e Tixelino

Director escénico e actor de teatro, cine e televisión, Alberte Cabarcos posúe tamén unha ampla experiencia como profesor de teatro e presentador.

Como actor de teatro, interveu en diferentes espectáculos de compañías da escena afeccionada e universitaria galega, como o grupo Teatralía con *Macbeth*; Hac Luce con *Noite de Reis* ou Compañía Casa-Hamlet con *Orestíada*. Para MdB producciones puxo en escena a obra *Kavafis*, baixo a dirección escénica de Manolo de Benito, e para Teatrapalla fixo o propio con *Viva Peter Pan*, de Xesús Pisón e dirixida por Paulo Serantes.

As últimas montaxes nas que colaborou son *O Emigrante* (2009, dir. Estela Freire), *Imaginarte* (2009, dir. Xoán C. Laxe), ambas as dúas para Abracadabra Producciones, o espectáculo de rúa de Palimoco Teatro *Letra Viva* (2008, dir. Paloma Lugilde) e *A Mandrágora*, de Maquiavelo, (2008, dir. Antón Sampaio), para Achádego Teatro.

A súa actividade teatral esténdese igualmente á dirección escénica poñendo sobre as táboas as pezas So-



ños e Opinións, sendas creacións colectivas para NosttrumCai Teatro; *Guerinika, un grito, 1937*, de Ignacio Amestoy, para o grupo Séneca; *Versuches*, de Bertolt Brecht para Teatro SenFin; *Tatuaxes*, de Xesús Pisón, para a Compañía de Teatro Santart; e *Unha dúbida razoable*, de Sidney Lumet, para a Aula de Teatro da USC-Lugo.

Canto ao sector audiovisual, participou na longametraxe *Heroína* (de Gerardo Herrero, 2005), na curtametraxe *Fiesta* (de Rodrigo Fernández, 2001), así como en distintos anuncios publicitarios e en varios capítulos das series *Rías Baixas* e *Gondar*, emitidas por Televisión de Galicia.

Entre outras actividades, foi profesor titular de movemento e interpretación na escola Santart de Santiago de Compostela, monitor do programa da Xunta de Galicia "En clave de teatro", director das aulas de teatro dos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso, presentador dos concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia e, actualmente, director da Aula de Teatro da USC-Lugo.

